

**Acta núm. 17/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 28 de outubro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Non asisten:
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 28 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2025, DO 14/10/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) RENUNCIA PARCIAL A COMUNICACIÓN PREVIA OBRA.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2025, DO 14/10/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.10.2025, acta núm. 16/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Hugo Cortés Vaamonde, que di actuar en representación de DOLORES SANMARTÍN DIZ, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita no lugar de Saíme – Bastavales, consistentes en construír un alpendre de 49,50 m², para gardar apeiros de labranza e pavimentar o acceso no interior da mesma.

A parcela (referencia catastral 5027304NH2452N0001SZ) na que se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

O Sr. Alcalde abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 5 metros do eixe do vial.
- As fachadas serán convenientemente revestidas e pintadas e a cuberta inclinada de pendente mínima 26,56°, será de tella cerámica curva.
- O alpendre en ningún caso poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 184,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO LAMAS CEDRÓN, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en O Cabo – Os Ánxeles. O peche terá unha lonxitude aproximada de 23 m. lineais, a executar con fábrica de pedra ata unha altura de 60 cm, malla de torsión simple plastificada en verde por enriba ata unha altura total de 1,80 m, e afastado 4 metros do eixe do vial. Tamén se vai instalar un portal de acceso para vehículos.

A parcela (referencia catastral 7549152NH2474N0000ZH) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Sebastián Lareo Sánchez, que di actuar en representación de ANTONIO HERMIDA VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír un alpendre de 49,50 m² construídos, para gardar apeiros de labranza, de 3 metros de altura, e cuberta plana, afastado a 3 metros dos lindes e da fachada da vivenda existente, en Piñeiro 42 – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6342804NH2464S0001BZ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre en ningún caso poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 300,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 364,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta soterrada de poliéster, a instalar sobre a parte traseira da parcela sita en Gutiande 52 – Os Ánxeles. A piscina terá unhas dimensións de 8 m. de longo x 4 m. de ancho e 1,50 m. de profundidade.

A parcela (referencia catastral 6952542NH2465S0001XG) sobre a que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste, ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros particulares.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 273,50 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 338,07 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Adolfo Pereiro Santos, que di actuar en representación de JOSÉ SERRAMITO ROGIDO, na que comunica que vai reparar unha beirarrúa existente na fronte da vivenda sita en Liñares 21 – Brión. A beirarrúa obxecto da reparación (21 m²), situase no espazo libre entre a fronte da vivenda e o camiño público de entrada á aldea e pretendese repicar o formigón actual para repoñer por un novo.

A parcela (referencia catastral 5750433NH2455S0001EA) na que se van executar as obras atópase emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural tradicional, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A beirarrúa a reparar manterá a rasante existente, deixando libre e sen afectar o ancho do camiño municipal (5 metros).

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,51 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RODRIGO PATIÑO GARCÍA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta soterrada de poliéster, a instalar sobre a parte traseira da parcela sita en Beca 29 – Bastavales. A piscina terá unhas dimensións de 7,50 m. de longo x 3,25 m. de ancho e 1,30 m. de profundidade.

A parcela (referencia catastral 9808820NH2490N0000ZW) sobre a que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros particulares.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 179,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 243,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELVIRA ISABEL BLANCO SÁNCHEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Buio nº 10 – Os Ánxeles, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra das mesmas características sen afectar ao volume actual da edificación.

A vivenda (referencia catastral 5942401NH2454S0001IJ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 87,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NICOLAS LOUZÁN PÉREZ, na que comunica que vai limpar a cuberta da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 7 – Os Ánxeles, e substituír de xeito parcial as tellas en mal estado por outras novas das mesmas características.

A vivenda (referencia catastral 6346102NH2464N0007ML) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,40 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 118,97 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDREA MARÍA LAFUENTE CASTELEIRO, na que comunica que vai executar obras no interior da vivenda sita na Rúa Inxerido nº 5 – 1º d – Os Ánxeles, consistentes en substituír a tarima de madeira que conforma o solado da vivenda e substituír o alicatado e bañeira por un prato de ducha no baño anexo ao dormitorio.

A edificación onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 99,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 163,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de BEGOÑA CASTRO GENS, na que comunica que vai executar un peche de parcela no lugar de Souto nº 19 – Os Ánxeles. O peche segundo proxecto técnico

modificado de peche de parcela redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, asinado en data 22.09.2025, executarase coas seguintes características:

- Na fronte de parcela, zona clasificada como SNR, coincidente co acceso á vivenda, que conta con licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data de 22.11.2022, executarase un peche de 23,30 ml, en mampostería granítica (parte opaca) de 1,20 metros de altura, coroada con lamas verticais de aluminio, ata unha altura total de 1,80 metros.
- No linde dereito, parte coincidente coa clasificación de solo de núcleo rural, executarase un peche de 58,07 m.l, en formigón armado (parte opaca) revestido enfuscado e pintado, de 1.20 m. de altura, coroado con malla electrosoldada ata unha altura total de 1,80 metros.
- Nos lindes posterior (con fronte a vial de concentración parcelaria) e parte do dereito, zona coincidente coa clasificación de solo rústico, executaranse peches en formigón armado (parte opaca) revestidos enfuscados e pintados ata unha altura de 1,20 metros. Lonxitude total de ambos os peches 103,03 metros lineais (85,11 m.l. + 17,92 m.l.).

A parcela (referencias catastrais 5836402NH2453N0001PG e 15013B505001790000ME) onde se pretenden executar as obras conta con dúas clasificacións; parte está clasificada como solo de núcleo rural /SNR), sendolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2), e parte en solo rústico de protección agropecuaria (RC), e sitúase na dentro da zona de policía dun rego innominado (idcurso 983640005994).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 17.10.2025, (clave DH.W15.108216) que modifica a autorización de obras emitida en data 04.09.2025, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 17.10.2025, (clave DH.W15.108216) que modifica a autorización de obras emitida en data 04.09.2025.
- O pintado dos peches de formigón a revestir será en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 300,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 364,57 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Maydelis Fajardo Barrera, que di actuar en representación de ALUGA MASCOTA, S.L, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de "RESIDENCIA ESCOLA PARA A ATENCIÓN A ANIMAIS DOMÉSTICOS" das instalacións situadas en Bastavaliños nº 43 - Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Brincan Centro Canino e Veterinario SLPU, e preténdese poñer a nome de ALUGA MASCOTA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de “ RESIDENCIA ESCOLA PARA A ATENCIÓN A ANIMAIS DOMÉSTICOS das instalacións situadas en Bastavaliños nº 43 - Bastavales a nome ALUGA MASCOTA, S.L.; NIF: B22677298.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Sabaxáns nº 95 - Bastavales, abrindo unha gabiá de 46 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 21.07.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 7918916NH2471N0001KS) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM e situase dentro da zona de policía do rego de Crego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 14.10.2025 (clave DH.W15.111340), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 641,29 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 128,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:192,83 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Vilas nº 37 – Bastavales, abrindo unha gabiá de 7 ml sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 10.07.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 6622823NH2462S0001BP) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 280,00 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 56,02 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 120,59 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar no lugar de Gándara nº 24 – San Salvador, abrindo unha gabiá de 29 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 22.07.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 15013B503000260001QL) emprázase parte sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e parte en solo rústico de protección de cauces e sitúase na zona de policía do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 14.10.2025 (clave DH.W15.111212), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 302,21 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,44 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,01 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír 3 postes de madeira por 3 de fibra, un poste de formigón por outro do mesmo material e 4 riostras en postes existentes na mesma liña de tendido eléctrico sobre viario municipal, o cal conecta as aldeas de Piñeiro e Buio, parroquia dos Ánxeles, afectando a un tramo de 400 ml aproximadamente, consonte co documento técnico presentado e asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos con data de 07.10.2025.

A actuación sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por María Lourdes Peñalver Martínez, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para dar acometida do servizo de telefonía á vivenda nº 17 do lugar de Romarís (referencia catastral: 002302500NH24B0001RR), instalando 4 novos postes de telefonía, consonte co proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Carlos Hernández González.

As obras a executar afectan de xeito residual a un ámbito de solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, e en maior medida a un ámbito de solo rústico de protección agropecuaria (RC), discorrendo sobre o viario municipal (pista de concentración parcelaria de San Xulián polg. 3).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural de data 14.10.2025 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír un poste de madeira en vía pública municipal e dúas riostras en postes existentes na mesma liña de tendido eléctrico, emprazado a carón da parcela sita na Avenida dos Ánxeles nº 53, - Alqueidón, consonte co documento técnico asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos en data de 19.09.2025.

A actuación sitúase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de INVERCOM PROYECTO S.L., na que solicita licenza de segregación de tres parcelas sitas no lugar de Salaño Grande - Ons, resultando de dita segregación seis parcelas e un lote de cesión dunha parcela, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 30.06.2025 (núm. 20250548).

Descrición das parcelas de orixe:

FINCA 1: Parcela 169 do plano xeral de concentración parcelaria de Santa María de Ons.

Referencia catastral: 0486510NH2408N0001JA e 15013B502001690000MP.

Superficie (segundo medición recente): 1.914 m².

Lindes:

Norte: con camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Sur: con José Toja Porto – 171.

Leste: con Carmen Méndez Blanco e outros – 170.

Oeste: con José Pais Méndez e outros – 168.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

a) 883 m² en solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRO-2).

b) 1.031 m² situados en solo rústico segundo aplicación da D.T.1^a.2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

FINCA 2: Parcela 170 do plano xeral de concentración parcelaria de Santa María de Ons.

Referencia catastral: 0486511NH2408N0001EA e 15013B502001700000MG.

Superficie (segundo medición recente): 2.812 m².

Lindes:

Norte: con camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Sur: con José Toja Porto – 171.

Leste: con camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Oeste: con José Pais Méndez.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

a) 1.287 m² en solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRO-2).

b) 1.525 m² situados en solo rústico segunda aplicación da D.T.1^a.2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

FINCA 3: Parcela 168 do plano xeral de concentración parcelaria de Santa María de Ons.

Referencia catastral: 0486509NH2408N0001SA e 15013B502001680000MQ.

Superficie (segundo medición recente): 2.082 m².

Lindes:

Norte: con camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Sur: con José Toja Porto – 171.

Leste: con José Pais Méndez -169.

Oeste: con Emilio Porto Freire e outros – 164-.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

a) 966 m² en solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRO-2).

b) 1.116 m² situados en solo rústico segunda aplicación da D.T.1^a.2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante

Superficie neta: 1.003 m². (a 5 m. do eixe do vial polo linde norte e a 4 m. de eixe do vial polo linde leste).

Lindes:

Norte: parcela destinada a cesións e despois vial.

Sur: finca rústica A

Leste: camiño despois de parcela destinada a cesións.

Oeste: Parcela segregada 1.

Clasificación urbanística: NRO-2.

Parcela segregada 1:

Superficie neta: 1.000 m². (a 5 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte: vial despois da parcela destinada a cesións.

Sur: parcela rústica B.

Leste: Parcela matriz resultante.

Oeste: Parcela segregada 2.

Clasificación urbanística: NRO-2.

Parcela segregada 2:

Superficie neta: 1.000 m². (a 5 m. do eixe do vial).

Lindes:

Norte: Vial despois de parcela destinada a cesións.

Sur: parcela rústica C.

Leste: Parcela segregada 1.

Oeste: Manuel Santiago Pérez Porto (164).

Clasificación urbanística: NRO-2.

Parcela rústica A.

Superficie: 1.282 m².

Lindes:

Norte: Parcela matriz resultante e en parte con parcela destinada a cesións.

Sur: Adina Toja Fernández.

Leste: camiño.

Oeste: Parcela rústica B.

Clasificación urbanística: solo rústico.

Parcela rústica B.

Superficie: 1.203 m².

Lindes:

Norte: Parcela matriz resultante.

Sur: Adina Toja Fernández (171).

Leste: parcela rústica A.

Oeste: Parcela rústica C.

Clasificación urbanística: solo rústico.

Parcela rústica C.

Superficie: 1.188 m².

Lindes:

Norte: Parcela matriz resultante.

Sur: Adina Toja Fernández (171).
Leste: parcela rústica B.
Oeste: Manuel Santiago Pérez Porto (164)
Clasificación urbanística: solo rústico.

Parcela cesión a viais.

Superficie: 133 m²

Lindes:

Norte: vial.

Sur: Parcela matriz resultante, Parcela segregada 1, Parcela segregada 2 e en pequena parte, parcela rústica A.

Leste: camiño.

Oeste: Parcela matriz resultante e nunha pequena parte con Manuel Santiago Pérez Porto.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 133 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 451,99 euros.

Total: 451,99 euros.

SEXTO.- RENUNCIA PARCIAL A COMUNICACIÓN PREVIA OBRA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ALDEA DO RÍO PEGO, na que comunica ao Concello a renuncia parcial á autorización de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.09.2025, concretamente a renuncia afecta as obras que se ían executar no portal nº 2.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en data 16.09.2025 autorizou a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN ALDEA DO RÍO PEGO, a executar obras de rehabilitación na cuberta do edificio de vivendas sito na Urbanización Río Pego, portais 2 e 9 – Os Ánxeles, consistentes en, substituír a cobertura actual de tella cerámica por outra nova de similares características (tella cerámica curva), substituír as ventás situadas no plano de cuberta e impermeabilizar as limas e encontros coas citaras das chemineas existentes.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto parte do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16.09.2025, no que concirne ás obras que se ían executar no portal nº 2 da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN ALDEA DO RÍO PEGO.

2º) Anular a parte proporcional da liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 703,80 euros, debendo devolver ao interesado esa cantidade.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 64,57 euros.

4º) Dar conta á tesourería para a devolución ao interesado da cantidade de: 703,80 euros.

5º) Notificar o presente acordo á interesada.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,32 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace
Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González